

(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal



REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2021 14:04:45


SAIDA

10520/21




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 56/2021
Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 10 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante o Concello de Pontevedra, sobre o importe das facturas emitidas nos últimos 5 anos á compañía Microsoft ou calquera outra empresa "partner" autorizada por Microsoft para comercializar calquera licenza ou servizo asociada aos produtos de Microsoft, importe das facturas emitidas nos últimos 5 anos que supoñan o pagamento dunha licenza, dereito de uso de software ou análogos na institución, número de postos de traballo con computadores, número de usuarios na rede informática da institución, sistemas operativos implantados e plan de implantación de tecnoloxías con software libre.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 11 de maio de 2021 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante ao Concello de Pontevedra para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 1 de xuño de 2021 o Concello de Pontevedra contesta a petición remitindo oficio co que achega o informe emitido na data 31 de maio de 2021 pola Alcaldía. No dito informe, faise constar que con data do 29 de abril de 2021, emitíuse informe polo servizo de Informática en base ao cal por Decreto da alcaldía do 12 de maio de 2021, estimouse a solicitude formulada polo interesado facilitándolle a información dispoñible no Concello, mediante a remisión do referido informe onde se reflectían os datos requiridos na súa petición. O decreto foi notificado electronicamente ao interesado en data 13 de maio de 2021 e o 31 do mesmo mes por correo certificado á persoa interesada.

Indica o Concello que o retraso na remisión da información veu provocada polas circunstancias excepcionais derivadas da COVID-19, que obrigaron á reestruturación administrativa e á priorización daqueles traballos e servizos esenciais para a cidadanía.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as

reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O interesado non recibiu a resolución sobre a súa solicitude de acceso á información transcorrido o prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, polas circunstancias que figuran no informe do Concello, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso a determinada información referente a diversos aspectos sobre licenzas e dereitos de uso de software, postos de traballo con computadores e usuarios na rede informática do Concello de Pontevedra, sistemas operativos implantados e plan de implantación de tecnoloxías con software libre, solicitude sobre a que se ben non se ditou resolución expresa dentro do prazo que o artigo 27.4 da Lei 1/2016 establece, estimouse, concedendo acceso á información solicitada que se notifico ao interesado.

A información solicitada, de acordo coa definición contida nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da 19/2013, debe considerarse información pública, por canto se refire a información sobre gastos do organismo en licenzas e aplicacións informáticas, implantación de software libre e determinados aspectos organizativos e de funcionamento.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, tendo dereito o solicitante, a recibir da Administración a orientación e asesoramento necesario para o exercicio deste dereito, tal e como establece o artigo 26 da Lei 1/2016.

De acordo co anterior, tendo recibido o interesado a información solicitada, procede a estimación da reclamación por motivos formais.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] contra a falla de contestación da solicitude de acceso á información ante o Concello de Pontevedra, sobre o importe das facturas emitidas nos últimos 5 anos á compañía Microsoft ou calquera outra empresa "partner" autorizada por Microsoft, importe das facturas de licenzas ou dereito de uso de software, número de postos de traballo e usuarios na rede informática da institución, sistemas operativos implantados e plan de implantación de tecnoloxías con software libre.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.07.02 12:58:16 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.